

CÁTEDRA VALLE-INCLÁN USC



**ACTIVIDADES 2016 e PROGRAMACION 2017**

DIRECTORA: MARGARITA SANTOS ZAS

Web: <http://www.usc.es/es/catedral/valle-inclan/index.html>

Portal Virtual: <http://www.cervantesvirtual.com/portal/catedravalleinclan/>

**CONTIDOS:**

1. Datos xerais
2. Actividades realizadas
3. Xustificación das modificacións sobre a planificación presentada
4. Planificación de actividades
5. ANEXOS
  - a. Anexo 1: Dossier de prensa

## 1. Datos xerais

### ORIXE, CARACTERÍSTICAS E RESUMO DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA CÁTEDRA

#### VALLE-INCLÁN:

**Enlaces:** <http://www.usc.es/es/catedras/valle-inclan/>  
<http://www.cervantesvirtual.com/bib/portal/catedravalleinclan/>

#### Outros enlaces:

<http://manuspanicos.hypotheses.org/>  
<http://www.museocuadrante.com/>  
[http://www.amigosdevalle.com/numero\\_0.html](http://www.amigosdevalle.com/numero_0.html)  
<http://www.elpasajero.com/>  
<http://www.tei-c.org/index.xml>  
<http://www.fundacionjorgeguillen.com/>  
<http://www.redinvestiga.es/proyectos/proyecto-valle-inclan>  
<http://www.valle-inclan.org/>  
[http://ww17.amigosdevalle.com/numero\\_0.html](http://ww17.amigosdevalle.com/numero_0.html)

A **CÁTEDRA VALLE-INCLÁN da USC** creouse o 20 de marzo de 2002 por medio dun Convenio de Cooperación asinado entre a USC e o Concello da cidade, e aprobouse en Xunta de Goberno do 23 de abril de 2002, co obxecto de proporcionar un marco de integración e apoio á tarefa de investigación, actividades e proxectos que desde o 1994 ven desenvolvendo o Grupo de Investigación Valle-Inclán da USC (en adiante, GIVIUS/GI-1378). Desempeña a dirección da CÁTEDRA VALLE-INCLÁN desde a súa creación Margarita Santos Zas (nomeada o 24/04/2002), sendo a súa Secretaria técnica na actualidade Francisca Martínez Rodríguez, ao igual que o foron anteriormente Pilar Veiga, Rosario Mascato e Sandra Domínguez, todas integrantes do GIVIUS.

A **CÁTEDRA VALLE-INCLÁN** desenvolve as súas propias iniciativas e actividades, (financiadas no marco do 'Programa Universidades' do Grupo Santander), que amplían e completan as propiciadas polo GIVIUS, se ben conflúen no común propósito de promover a figura e obra de Ramón del Valle-Inclán, e potenciar os estudos valleinclanianos e dálos a coñecer á comunidade científica.

A tal fin creouse, por unha parte, unha actividade de carácter formativo: o «Seminario Permanente Valle-Inclán», cunha cadencia flexible de impartición de seminarios dun máximo de 6 horas de duración cada un deles, distribuídas en dúas tardes, que ao longo do ano académico (2/3 por ano agás cando outras actividades —congresos, ciclos de conferencias— resulten equivalentes na súa función) proporcionen aos seus participantes a oportunidade de debater e traballar con recoñecidos valleinclinistas ou especialistas en metodoloxías editoriais, problemas e cuestións relativas á obra de Valle-Inclán tanto impresa como manuscrita (ver *infra* a relación completa de Seminarios).

Por outra, un dos obxectivos da Cátedra foi crear unha colección co selo propio, a **BIBLIOTECA DA CÁTEDRA VALLE-INCLÁN** no marco do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC, cuxa directora é asemade Margarita Santos Zas. A finalidade desta Biblioteca é servir de canle á divulgación universitaria da investigación en torno á figura e obra do escritor, con dúas liñas básicas editoriais: 1ª Edicións (facsimilares, críticas, etc.) 2ª Monografías ou colectáneas que, con diversas metodoloxías e enfoques críticos, teñen como eixo a figura e obra do escritor, así como as súas relacións ou o seu contexto histórico-cultural.

A *Cátedra* dispuxo desde a súa creación dunha colaboradora, en funcións de secretaria técnica, imprescindible para o desenvolvemento das súas actividades, que ten ao seu cargo tarefas de carácter organizativo e difusión, contacto con editoriais, recollida dos dosieres de prensa, ademais da primordial actualización da páxina web. Este traballo, que non está remunerado, ven realizándose no despacho da profª Santos Zas ou nunha sala compartida con bolseiros e contratados de proxectos, porque a Cátedra segue sen ter sede, malia tela solicitado reiteradamente.

A Cátedra ten logotipo propio e papelería deseñada ex profeso por Signum Deseño, artífice asemade da imaxe gráfica da colección da BIBLIOTECA DA CÁTEDRA nas dúas vertientes (facsímiles e monografías).

**RELACIÓN DAS ACTIVIDADES MAIS SALIENTABLES DA CÁTEDRA VALLE-INCLÁN DESDE A SUA CREACIÓN** (para descripción pormenorizada de cada unha delas, ver as memorias anuais 2002-2016):

1. Seis **CONVENIOS** asinados coa mediación da Cátedra e en proceso o séptimo:

1.1.- Herdeiros Valle-Inclán Alsina/USC: acceso ao legado manuscrito de Valle-Inclán para o seu estudo e edición en soporte dixital (11-12-2007/28-02-2008).

1.2.- Herdeiros Valle-Inclán Alsina/USC (maio 2009): depósito na USC do legado manuscrito de Valle-Inclán. Data do depósito material na caixa forte da USC 20-11-2009.

1.3.- Fundación Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes/USC: creación do Portal Institucional “Cátedra Valle-Inclán” (inauguración: abril de 2009): <http://www.cervantesvirtual.com/bib/portal/catedravalleinclin/>

1.4.- Jorge Devoto del Valle-Inclán /USC (21-06-2013): depósito do orixinal do conto "Mi bisabuelo", de Valle-Inclán, co compromiso da súa posterior cesión por parte do seu propietario.

1.5.- Consello da Cultura Galega-USC/CÁTEDRA VALLE-INCLÁN (xuño 2014): cesión de materiais para a exposición: *Outros verbos, novas lecturas: Valle-Inclán traducido (1906-1936)* (8 ao 30 de xullo de 2014). A exposición levouse a Lisboa e Roma (Instituto Cervantes), Residencia de Estudiantes (Madrid), Museo Valle-Inclán (Pobra de Carmiñal), Museo Cuadrante (Vilanova de Arousa) e Bos Aires (Feira do Libro).

1.6. Convenio de Colaboración Cultural entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a USC/CÁTEDRA VALLE-INCLÁN (asinado o pasado 29 de xullo e cunha addenda do 16 e novembro) no marco do 150 Aniversario do nacemento de Valle-Inclán (1866-2016). **Presentouse a correspondente memoria e xustificación de custos** cun amplo dossier, o 23 de decembro e o 2 de xaneiro.

1.7. Estase a preparar na actualidade un novo convenio cos Herdeiros Valle-Inclán Alsina, relacionado co depósito da Biblioteca do escritor e outros materiais documentais.

1.2. Cinco **EXPOSICIÓNS**, promovidas pola Cátedra ou en colaboración con outras institucións:

1.2.1. *Valle-Inclán dibujado. Caricaturas y retratos del escritor/Valle-Inclán debuxado. Caricaturas e retratos do escritor (1888-1936)*. Co Concello de Lugo (17-11-2008). Comisarios: Javier Serrano e Amparo de Juan.

1.2.2. *Valle-Inclán debuxado/Obra Ilustrada (Fondos da USC)*. Santiago de Compostela (22-04-2009). Comisarias: Santos Zas e Francisca Martínez.

1.2.3. *Valle-Inclán Debuxado / Obra ilustrada no Museo de Pontevedra*. Pontevedra (22-10-2009). Coa Deputación Pontevedra e o Concello de Lugo. Comisarios: os catro antes citados.

1.2.4. *Outros verbos, novas lecturas: Valle-Inclán traducido (1906-1936)*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 2014. Comisaria Rosario Mascato, integrante do Grupo Valle-Inclán (8-30 de xullo). Editado Catálogo. Coa colaboración de Javier Serrano e Santos Zas.

1.2.5. *Valle-Inclán, xenio e figura (1866-1936)*. Santiago: Pazo de Fonseca: 28 outubro-16 de decembro 2016. Comisarios: Santos Zas e Francisca Martínez (Secc. I); Serrano Alonso e De Juan Bolufer (secc. II); e Rosario Mascato (Secc. III). Editado Catálogo (ver *infra*).

1.3. **SEMINARIOS**: dentro do Programa *Seminario Permanente* (2003-2016): 21 seminarios / 19 especialistas na obra de Valle-Inclán, ademais das conferencias inaugurais (títulos, datas concretas e duración de cada seminario, ver Memorias anuais 2003-2015). No 2011 celebrouse o Congreso Internacional "Valle-Inclán y las artes", coa participación de 26 ponentes e comunicantes. Ese foi o motivo de que nos anos 2011 e 2012 non se celebrara ningún seminario:

1.3.1. (2003) Javier Gómez Montero, Catedrático de la Universidad de Kiel (Alemania).

1.3.2. (2003) Juan Antonio Hormigón, Catedrático de Teatro de la Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid y Secretario General de la ADE.

1.3.3. (2003) José Manuel Pereiro Otero, prof. de la Universidad de Colorado at Boulder/Austin (Texas).

1.3.4. (2004) Rodolfo Cardona, Catedrático de Literatura Española da U.de Boston, e Anthony N. Zahareas, Catedrático de Literatura Española da U. de Minnesota

1.3.5. (2004) César Oliva, Catedrático de Teatro da U. de Murcia e Director teatral.

1.3.6. (2004) Juan Aguilera Sastre, Catedrático de I.E.S. (Logroño) / U. de La Rioja.

1.3.7. (2005) José Monleón, Director de *Primer Acto* e do Instituto Internacional de Teatro del Mediterráneo.

1.3.8. (2006) Jesús Rubio Jiménez, Catedrático de Literatura Española da U. Zaragoza.

1.3.9. (2007) Virginia Milner Garlitz, Prof<sup>a</sup> de Literatura Española, Plymouth State College.

1.3.10. (2007) Eliane Lavaud-Fage, Catedrática de Literatura Española da U. de Bourgogne (Dijon).

1.3.11. (2008) Dru Dougherty, Catedrático de Literatura Española da U. de California, Berkeley.

1.3.12. (2008) Luis González del Valle, Catedrático de Literatura Española da U. de Temple (Philadelphia).

1.3.13. (2009) Elizabeth Drumm, Profesora de Literatura Española en Reed College (Portland-Oregon).

1.3.14. (2009) Javier del Valle-Inclán Alsina, Biblioteca Xeral de la USC.

1.3.15. (2009) Jean Marie Lavaud, Catedrático de Literatura Española da U. de Bourgogne (Dijon).

1.3.16. (2010) Yolanda Arencibia Santana, Catedrática de Literatura Española da U. de Las Palmas.

1.3.17. (2013) Bénédicte Vauthier, Catedrática de Literatura Española de U. de Berna.

1.3.18. (2014) Dianella Gambini, Catedrática de Literatura Española da U. per Stranieri di Perugia.

1.3.19. (2014 e 2015) Bénédicte Vauthier, Catedrática de Literatura Española da U. de Berna.

1.3.20. (2015) Elizabeth Drumm, Profesora de Literatura Española en Reed College (Portland-Oregon).

1.3.21. (2016): *Ver infra*: ciclo de conferencias "Valle-Inclán, xenio e figura" (outubro-dembro).

1.4. No ámbito da **difusión e promoción** dos estudos valleinclanianos contamos con:

1.4.1. **Biblioteca da CÁTEDRA VALLE-INCLÁN**: 9 títulos publicados:

1. Edición facsímil do manuscrito autógrafo de Valle-Inclán, *Mi Bisabuelo*, a cargo de Jorge Devoto del Valle-Inclán, autor asemade do prólogo (2007).

Primeira e única obra autógrafa de Valle-Inclán publicada ata 2007. A raíz do segundo Convenio asinado cos Herdeiros Valle-Inclán Alsina, o GIVIUS ten o cometido de publicar os manuscritos inéditos do escritor:

2.- Edición facsímil do manuscrito inédito: *Con el alba. El Cuaderno de Francia (1916)* de Valle-Inclán. Edición e estudo de Santos Zas (2016).

3.- Dossier xenético e editorial de *Un día de guerra (Visión estelar) / La Media Noche*. Estudo e edición de Bénedictte Vauthier e Santos Zas, con manuscritos inéditos en soporte dixital (DVD), 3 vols. **(no prelo)**.

I. Monografía: Virginia Milner Garlitz, *El centro del círculo: «La Lámpara Maravillosa»* de Valle-Inclán (2007)

II. Monografía: Amparo de Juan Bolufer y Javier Serrano Alonso, *Valle-Inclán, candidato republicano* (2007). Accesit Premio de Investigación “Valle-Inclán” (2005), Deputación Pontevedra-Concello Vilanova de Arousa.

III. Monografía: Beatriz Prego Cancelo y Carmen Pereira Pazos: Archivo «*Familia del Valle-Inclán*»: *descripción del fondo documental* (2008).

IV-V. Monografía: Santos Zas, Francisca Martínez, Carmen Vilchez, Catalina Míguez Vilas, Cristina Villarrea, Sandra Domínguez Carreiro y Rosario Mascato Rey: *Todo Valle-Inclán en Roma (1933-1936). Edición, anotación, índices e facsímiles* (2010). Premio de Investigación “Valle-Inclán” 2008. Deputación Pontevedra-Concello de Vilanova de Arousa. Vol. dobre.

VI. Monografía: Dru Dougherty: *Iconos de la tiranía: la recepción crítica de Tirano Banderas* (2011).

VII. Colectánea: Santos Zas, Serrano Alonso y De Juan Bolufer (eds.) *Valle-Inclán y las artes*. (2012). Reúne 25 traballos, resultado do Congreso do mesmo título (25-28 de outubro de 2011).

1.4.2. **Anuario Valle-Inclán (2001-2016)** / Issue 3 de *Anales de la Literatura Española Contemporánea* (Society of Spanish and Spanish American Studies. Temple University-Philadelphia e USC). Cunha tirada de 1.000 exemplares, está indexada en *Arts and Humanities Citation Index (A)*; *MLA. International Bibliography*; *SCOPUS (A)* e en todas as bases SCI e SSCI.

Codirección: Santos Zas e Pereiro Otero. Coa colaboración do GIVIUS (15 vols).

#### 1.5. PREMIOS:

1.5.1. Dous Premio de investigación "Valle-Inclán" nas convocatorias 2005 e 2008. Deputación Pontevedra-Concello Vilanova de Arousa.

1.5.2. Dous Accesit Premio de Investigación “Valle-Inclán”, 2005 e 2007 da Deputación Pontevedra-Concello Vilanova de Arousa.

1.5.3. Medalla ADE 2006 ao *Anuario Valle-inclán/ Anales de la Literatura Española Contemporánea* (Temple University / USC)

1.5.4. Premio Concepción Arenal (Concello Ferrol e UDC).

#### 1.6. COLABORACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS:

-Todos os organismos galegos relacionados coa figura de Valle-Inclán: Museos Valle- Inclán da Pobra do Caramiñal e Vilanova de Arousa; Museo de Pontevedra, Asociación de Amigos de Valle-Inclán, Fundación Valle-Inclán.

-Ademáis: Fundación Granell, Fundación Barrié, Fundación Cidade da Cultura, Fundación Jose Antonio Castro (Madrid), Consello da Cultura Galega.

### 1.7. DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES da CÁTEDRA VALLE-INCLÁN EN MEDIOS PÚBLICOS [ver dossiers de prensa en memorias anuais da Cátedra]:

1) Presentación aos medios de comunicación de todos os libros editados pola Biblioteca da CÁTEDRA VALLE-INCLÁN, sempre no salón reitoral de San Xerome.

2) Presentación aos medios do "Legado Valle-Inclán Alsina" (2008) e Devoto del Valle- Inclán (2013 e 2016). Anuncio do depósito da Biblioteca persoal do escritor (xuño 2016).

3) Presentación aos medios dos Congresos conmemorativos das efemérides valleinclanianas (2008, 2011 e 2016), exposicións (2008, 2009 e 2016) en solitario ou en colaboración con outras institucións e organismos (Consello da Cultura Galega 2014; e Consellería de Cultura 2011 e 2016).

3) Entrevistas en radio e TVE (La 2) e TVGa, feitas á directora da Cátedra e a Rosario Mascato.

4) Participación en documentais adicados ao autor e realizados por TVE ou TVGa adicados ao autor coa participación de integrantes do Grupo (Serrano Alonso, Santos Zas e Xaquín Nuñez Sabarís).

## 2. Actividades realizadas

Foi 2016 un ano excepcional por canto conmemorouse o **150 Aniversario do nacemento de Ramón del Valle-Inclán (1866-2016)**. Esta conmemoración supuxo o desenvolvemento dun programa de actividades inusual, exposto como proxecto na memoria de 2015, que con reaxustes cumpríuse na súa práctica totalidade. Compre destacar o seu eco nos medios e a boa acollida pública.

Esta conmemoración contou, asemade, coa colaboración do Consello da Cultura Galega, que aportou unha das seccións da exposición, "Valle-Inclán, xenio e figura (1866-1936)", como direi mais adiante.

Paso a comentar **as actividades do ano 2016** (ver *dossier* adxunto coa documentación e a recepción na prensa), que vai seguir nesta ocasión expositivamente os obxectivos e resultados do proxecto conmemorativo do 150 Aniversario.

O 21 de outubro presentouse aos medios de comunicación, no Salón Reitoral a programación conmemorativa (power point propio e cartelería-Signum Deseño), que tivo inmediato eco na prensa. Esta presentación estivo precedida da convocada, a instancias da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, o 26 de febreiro nun acto no que interviron, ademais da CÁTEDRA VALLE-INCLÁN, que acompañou a Vicerreitora de Internacionalización, representantes doutros organismos "valleinclanianos". A Consellería editou un folleto no que se consignaban, como proposta conxunta amparada pola Consellería, todas actividades programadas, agrupadas en bloques temáticos.

O Programa xeral da CÁTEDRA VALLE-INCLÁN USC artellouse en torno a 4 eixos (todos obxectivos cumpridos):

1. Exposición
2. Ciclo de Conferencias (6 + mesa redonda)
3. Lectura dramatizada (Teatro de La Abadía / Jose Luis Gómez)
4. Proxecto editorial: Biblioteca da CÁTEDRA VALLE-INCLÁN; *Anuario Valle-Inclán*; e dous contratos editoriais (Fundación Jose Antonio de Castro e Alianza Editorial).

1.- **Exposición «Valle-Inclán, xenio e figura (1866-1936)»**, financiada pola USC, cuxa inauguración tivo lugar o 28 de outubro de 2016 e a súa clausura o pasado 16 de decembro. O deseño e montaxe é da empresa Tatata de Lugo. Ocupou o Pazo de Fonseca (Capela, Salón Artesonado e Claustro Alto):

Na súa **inauguración**, no Salón Nobre de Fonseca, presidida polo Reitor da USC acompañado da Vicerreitora de Internacionalización, interviron, ademais do Reitor, que pechou o acto, o Secretario Xeral de Cultura da Xunta de Galicia; a Vicepresidenta do Consello da Cultura Galega, o Tenente Alcalde do Concello de Lugo e a Directora da CÁTEDRA VALLE- INCLÁN, que presentou o programa de actividades.

A **lección inaugural** correu a cargo do prof. Jean François Botrel, catedrático de Literatura española da Université de Rennes (ver *infra* apartado «Ciclo de conferencias»). A inauguración rematou cunha visita guiada aos asistentes, realizada polos comisarios da Exposición que percorreron as tres seccións, distribuídas no Salón artesonado, Capela e Claustro alto de Fonseca, respectivamente:

1.1. **Valle-Inclán “Obra ilustrada”**: recuperada parcialmente dunha exposición previa, promovida e financiada pola USC no 2009, desenvolvida en torno ao deseño gráfico e ilustración da obra de Valle-Inclán (todo o fondo bibliográfico anterior a 1936 procedente da USC), o mais orixinal e innovador do primeiro tercio do século XX. Reuniu ao redor de 170 edicións orixinais do autor e en torno a 1.500 imaxes en paneis, (ilustracións e motivos ornamentais), que dialogan cos textos expostos en 11 vitrinas. O fondo bibliográfico procede na súa integridade da Biblioteca da Facultade de Filoloxía e da Biblioteca Xeral, que Comisarias: Margarita Santos Zas e Francisca Martínez.

1.2. **Caricaturas e retratos** do autor anteriores a 1936: como no caso anterior, esta sección ten a súa orixe nunha exposición previa financiada no 2008 polo Concello de Lugo, a CÁTEDRA VALLE-INCLÁN e Caixa Nova. Nesta ocasión reuniu 240 caricaturas publicadas na prensa, que dan conta do interese suscitado pola singular figura do escritor galego entre os artistas do seu tempo e constitue un mostrario das modalidades e técnicas da caricatura no primeiro terzo do século XX. Comisarios: Javier Serrano e Amparo de Juan.

1.3. A terceira sección é froito dun convenio de colaboración co Consello da Cultura Galega (xullo 2014), que patrocina esta sección de carácter multilingüístico e interactivo, «Valle-Inclán traducido», e que constitue un panorama da recepción de Valle-Inclán alén as nosas fronteiras con anterioridade a 1936.

A **clausura** tivo lugar o 16 de decembro con dúas actividades programadas: unha mesa redonda matutina, «Traducir a Valle-Inclán» (Facultad de Filoloxía) e a intervención vespertina (Salón Nobre de Fonseca) do Prof. José Manuel López Vázquez, catedrático de Historia da Arte da USC (ver *infra* «Ciclo de conferencias»)

A exposición dispuxo dun **programa de man** (tirada de 500 exemplares), con ilustracións e as explicacións oportunas, no que figuraba a **imaxen corporativa** das



institucións patrocinadoras e colaboradore; consignados asemada nos **títulos de crédito** da exposición e na **banderola** que colgaba da fachada do edificio de Fonseca (ver dossier adxunto). De igual modo, aparecían no cartel do programa xeral e nos específicos das conferencias e da lectura dramatizada, deseñados *ad hoc*.

A exposición foi moi visitada, aínda que non sabemos a cantidade de visitantes, porque non hai un sistema que cuantifique estas visitas, o que sería moi desexable. Por outra parte, fixéronse visitas guiadas *ex profeso*, ao marxen dos días dos relatorios, para centros escolares, por parte de das comisarias da Exposición (Francisca Martínez, Santos Zas e Rosario Mascato), socios do Ateneo de Santiago, e unha privada ao Secretario Xeral de Cultura.

No mesmo recinto da exposición proxectouse de forma continua un video, feito por Tatata Deseño e no claustro alto outro do Consello da Cultura.

**CATÁLOGO EXPOSICIÓN:** un dos obxectivos esenciais desta montaxe foi paliar o carácter efímero de toda exposición coa publicación dun **Catálogo** da mesma co título, *Valle-Inclán, xenio e figura*, deseñado tamén por Tatata de Lugo (tiñan o precedente da exposición lucense de 2008 e a compostelana de 2009).

Este **Catálogo** foi **financiado** pola Xunta de Galicia e acompañou a exposición desde o mesmo día da súa inauguración. Aínda que a proposta inicial fora publicar tres pequenos vols. nun estuche común, os elevados custos deste formato editorial aconsellaron desestimalo e ofrecer un volumen único, que recollera os contidos das tres seccións.

**Descrición:** bilingüe (galego-castelán), cunha tiraxe de 300 exemplares, o **Catálogo**, que leva o selo do Servizo de Publicacións da USC, consta de 412 páxinas, impresas en cuatricomía, e reproduce 882 imaxes das tres seccións da exposición, con dúas novidades excepcionais:

1.- Incorpora materiais gráficos e documentais inéditos do Arquivo Valle-Inclán Alsina, que os Herdeiros do escritor permitiron reproducir nesta ocasión (ver páxs. 162-173 da sección primeira; e 354-412 da sección terceira). Isto significa que por vez primeira o lector atopa a reprodución das ilustracións e motivos ornamentais orixinais dos deseños gráficos do escritor, con anotacións de puño e letra do propio Valle-Inclán, que revelan o seu papel como xestor das súas obras e a orixinalidade dos seus libros, que coidaba persoalmente. Por outra parte, a sección terceira ofrece cartas e numerosos documentos que mostran a relación de Valle-Inclán con tradutores e libeiros ata aquí descoñecidas. Toda esta documentación é anterior a 1936.

2. A outra novidade deste **Catálogo** é que a sección segunda contén unha *addenda* con 150 caricaturas máis, procedentes maioritariamente da prensa, que constitúen unha auténtica primicia.

Finalmente, o **Catálogo** contén catro textos institucionais (Reitor da USC, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia; Presidente do Consello da Cultura Galega e Alcaldesa de Lugo), ademais dos textos académicos, que preceden cada unha das seccións, asinados polos seus respectivos responsables.

Vinte exemplares deste catálogo, ademais dos regalados o día da inauguración, enviáronse a Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, tal como solicitaron.

O catálogo mostrouse nos expositores da entrada de Fonseca, e aínda que a idea era intentar difundilo en Unitenda, o seu peche precisamente naquelas datas, aconsellaron buscar unha alternativa para non perder a ocasión da difusión e venda do catálogo *in situ*. Dous

estudantes brindáronse a este cometido, pero so de 19.00 a 21.00, coincidindo cos días de impartición de conferencias. Con estas limitacións os resultados foron moi cativos. Aínda que a venda paralela a través do Servizo de Publicacións da USC foi excelente e, a día de hoxe a edición esgotouse e neste momento está en proceso de reedición en soporte dixital (ebook) polo Servizo de Publicacións da USC. Isto significa que o beneficio porcentual da venda será un ingreso para a CÁTEDRA VALLE-INCLÁN en 2017.

**2. CICLO DE CONFERENCIAS:** asociado a Exposición, «Valle-Inclán, xenio e figura», foi un ciclo de conferencias, encargadas *ex profeso*, e relacionadas cos eixos temáticos da devandita mostra e unha mesa redonda en torno a mesma temática.

Inicialmente estimouse a posibilidade de 4-5 relatorios, impartidos por especialistas nas materias seleccionadas. Sen embargo, na procura dun equilibrio entre as seccións da exposición, incrementouse o número de relatorios ata seis para rematar cunha mesa redonda, integrada por tres profesores máis. Todos eles, agás a mesa redonda (Facultade de Filoloxía), tiveron lugar en Fonseca (Salón Nobre ou Salón artesonado). De seguido indico o programa, os participantes, os títulos e as datas concretas. Todas elas, celebraas as 20.00 horas, foran seguidas con interese por un público fiel, aínda que non moi numeroso:

**28 outubro:** Inauguración: Jean François Botrel (Catedrático Université de Rennes): «El libro en España en tiempos de Valle-Inclán»

**11 de novembro:** Joaquín del Valle-Inclán Alsina (Presidente «Amigos de Valle-Inclán»): «El diseño y las variantes de texto»

**15 de novembro:** Enrico Lodi (prof. Università di Bergamo): «Traducir *La media noche* de Valle-Inclán: cuestiones de estilo»

**22 de novembro:** Jesús Rubio Jiménez (Catedrático da Universidade de Zaragoza): «Ángel Vivanco y Ramón del Valle-Inclán: las artes del libro»

**1 de decembro:** Jauma Capdevila (caricaturista e debuxante de *La Vanguardia*): «El esperpento gráfico. Breve historia de la caricatura con Valle-Inclán al fondo».

En todos os casos o relatorio tiveron unha duración de 55 minutos seguido de coloquio e posteriormente fíxose unha visita guiada por algún dos seus comisarios.

**16 de decembro:** Clausura con dúas actividades:

**12.30h: Mesa redonda** (Salón de Graos da Facultade de Filoloxía), baixo o título: «Traducir a Valle-Inclán». 20 minutos c/u. A elección como sede desta Facultade está estreitamente relacionada co contido da mesa redonda en consonancia cos Graos que se cursan na devandita Facultade.

▪Dianella Gambini (Catedrática da Università per Stranieri di Perugia):  
«De *Femeninas* a *Los Cuernos de don Friolera*: Valle-Inclán en Italiano»

▪Dolors Sabaté (Catedrática da Universidade de Santiago): «Traducir el esperpento al alemán»

▪Bruce Swansey (Prof. do Trinity College, Dublín, e escritor):  
«Esperpentos involuntarios: ¿es posible traducir a Valle?»

**19.00h:** Conferencia (Salón Nobre de Fonseca): José Manuel López Vázquez (Catedrático da Universidade de Santiago): "Retratos y caricaturas de Valle-Inclán: alegorías de sí mismo".

As conferencias e mesa redonda publicáronse con cartel propio e programa, no que figurou en todos os casos os logos dos patrocinadores, xunto cos restantes copatrocinadores.

Desde a CÁTEDRA enviouse puntualmente a información, previa a cada relatorio, ao Xornal da USC, que dou a noticia nas súas páxinas e asemade anunciáronse na prensa local (ver **dossier:** selección prensa).

Por outra parte, as súas conferencias serán publicadas no *Anuario Valle-Inclán / ALEC*, 2017 (ver infra)

O apartado de custos de cartelería, sinalización da exposición e programas de man, da exposición e o Catálogo, deseñados por Tatata Lugo (estaban incluídos nos custos da montaxe)

**3.- Dramatización:** O espectáculo "*Valle-Inclán: visión estelar de un momento de guerra*", de Ramón del Valle-Inclán, lectura escénica era un dos "pratos fortes" desta conmemoración. O prestixioso Teatro de la Abadía, dirixido por José Luis Gómez, actor de cine e teatro e académico da RAE, levou a escea, o día 8 de novembro na Sala Mozart do Auditorio de Galicia o devandito espectáculo, que non so conmemoraba o 150 aniversario do nacemento de Valle-Inclán, senon o centenario da viaxe e estadia de Valle-Inclán en Francia, como corresponsal de prensa na Gran Guerra, no ano 1916, testemuña que plasma primeiro nun "diario" (ver proxecto editorial *infra*) de carácter biográfico e mais tarde nunha das obras literarias mais innovadoras da narrativa do escritor. O comentario académico deste espectáculo correu a cargo do prof. da USC, Darío Villanueva, director da RAE.

A xestión deste espectáculo iniciouna a dirección da CÁTEDRA VALLE-INCLÁN en outubro de 2015 e foi moi laboriosa, sobre todo para encontrar unha sala que fora acorde coas características da posta en escea. A sala Mozart reuniu as características ideais e a directora en funcións do Auditorio foi desde o primeiro momento unha incondicional do proxecto. A posta en escea extremadamente sobria -unha caixa negra- contou so con xogos lumínicos e sonoros, que creaban a atmosfera adecuada para una lectura dramatizada de 50 minutos, que sobrecolleu aos espectadores sen excepción: "*El texto, en esta lectura en vida, ha sido hilvanado para respetar y representar el ideal soñado de Valle-Inclán: contar, como el alma descarnada de un autor que mira la tierra desde su estrella, fuera del tiempo y del espacio, como un viejo poema primitivo, una visión suprema de un día de guerra*", dice no programa J.L. Gómez.

A asistencia, contra todo pronóstico, non tivo a demanda esperada ante a excepcionalidade dun espectáculo que desprazouse en exclusiva a Santiago cun equipo técnico de La Abadía (non se representou mais que en Madrid, en 2014, dentro do programa "Cómicos

de la Lengua"). Coincidiron varias circunstancias que impediron que a publicidade se fixera coa antelación suficiente e repercutiu nunha asistencia menor da esperada: 163 espectadores (aforo de 240 butacas). Non obstante, é necesario subliñar que o propio José Luis Gómez destacou a complicidade absoluta do público. O 50% das entradas foron por invitación e as restantes saíron a venda por internet, no Teatro Principal e no propio Auditorio a véspera e o mesmo día da actuación. Os ingresos, casi simbólicos (520 euros), pasaron a CÁTEDRA VALLE-INCLÁN.

O espectáculo contou cun magnífico cartel e un programa de man con textos de Jose Luis Gómez e Santos Zas (deseño de Signum Deseño, impreso en Campus na Nube).

4. **Proxecto editorial: BIBLIOTECA DA CÁTEDRA VALLE-INCLÁN:** é una colección a estas alturas consolidada (10 títulos, un deles dobre, entre 2007 e 2016), con unha magnífica recepción crítica e tamén con proxección internacional. Os plans previstos cumpríronse na conmemoración do 150 Aniversario do nacemento do escritor.

4.1. O compromiso derivado do Convenio asinado cos Herdeiros Valle-Inclán/Alsina, implica a publicación en formato facsimilar do fondo manuscrito do Legado Valle-Inclán/Alsina, obxectivo prioritario da **Cátedra**.

Neste senso, o 21 de xuño de 2016, no Salón Reitoral presentouse *Con el alba: El Cuaderno de Francia*, estudo e edición de Santos Zas. Presidiu o acto o Reitor, e asistiron na mesa a Vicerreitora de Internacionalización, o Secretario Xeral de Cultura, o director do Servizo de Publicacións, Javier del Valle-Inclán Alsina e a directora da Cátedra, os tres últimos interviron no acto, no que o neto do escritor anunciou a vontade familiar de depositar na USC a biblioteca de Ramón del Valle-Inclán, con documentos textuais e gráficos do arquivo familiar. Unha tarefa que pola súa trascendencia formará parte dos obxectivos prioritarios de 2017. Esta presentación espertou unha enorme expectativa entre o público moi numeroso o os medios de comunicación (radio, prensa e TVGa).

En canto ao *Cuaderno de Francia*, trátase dunha sorte de diario rigorosamente inédito, descrito na pasada memoria, que recolle as anotacións feitas polo escritor na fronte de guerra francesa, durante a súa estada en Francia como corresponsal do xornal *El Imparcial* na I Guerra Mundial. O lector ten na súa man unha reprodución facsimilar idéntica do "diario" que levaba consigo Valle-Inclán. Pero a edición contén un estudo introdutorio (119 pp.), unha edición diplomática (50 pp.) e unha transcripción anotada (65 pp.) e orientada a un público lector non especialista, que vai ilustrada cos mapas dos percorridos, ademais da bibliografía (23 pp.). A edición, na que temos posto o máximo coidado tanto no seu contido como no seu deseño e formato editorial, está concebida como un tríptico, equilibrado nas dúas partes, que leva no centro o facsímile troquelado. Unha edición de custo alto -abonada con cargo a un orzamenteo anterior parcialmente- pola súa encadernación artesana e o seu formato atípico. É a edición do Centenario, e esgotouse a tiraxe primeira a principios de decembro e no momento de redactar esta memoria chegou a Publivación 200 novos exemplares. As vendas compensaran os custos.

A súa saída supuxo entrevista na prensa e radio (vgr. Radio Nacional, *Voz de Galicia*, *ABC Cultura*, páxinas centrais, e toda a prensa galega).

4.2. **Obras Completas:** o 1º de xaneiro, con motivo da entrada en dominio público da obra de Valle-Inclán, a editorial Biblioteca Castro (Fundación Jose Antonio de Castro, Madrid) publicou os tres primeiros volumes (narrativa e ensaio) dos cinco previstos da Obras completas de Valle-Inclán a cargo do Grupo de Investigación Valle-Inclán da USC adscrito a Cátedra. Dous anos de traballo ininterrompido e moi intenso en 2016, dou como resultado estas casi 2.000 páxinas, con mais de 20 edicións asinadas por 6 integrantes do devantido equipo. Este proxecto non supuxo custo algún para a USC, e forma parte do ambicioso proxecto editorial do 150 Aniversario, pero no me detengo nel, por pertencer as tarefas de investigación do GIVIUS, complementarias das levadas a cabo pola Cátedra.

Non obstante compre subliñar que toda a prensa nacional (*ABC Cultural, Babelia, Cultural de El Mundo*) adicáronlle comentarios tan extensos como eloxiosos, asinados por críticos relevantes como Felix de Azúa, Andrés Amorós, Javier Vivas...) e numerosos xornais dixitais (mais de 25 recensiones) adicaronlle atención. Nin un so xornal galego adicoulle unha soa liña, ningún xornal compostelán, incluído o da USC.

1.3. **Anuario Valle-Inclán:** complementariamente no ámbito editorial, resta citar o vol. XV do **Anuario Valle-Inclán/ ALEC**, 41.3 2016 (editado pola Society of Spanish and Spanish-American Studies) adicado esta vez a conmemorar o centenario de *La Lámpara Maravillosa* (1916). Contou coa contribución de dous artigos realizados por integrantes do GIVIUS, que figura expresamente como colaborador da revista, codirixida por Santos Zas. Esta publicación asociada a USC non supón custo algún para a CÁTEDRA VALLE-INCLÁN.

En suma: nesta conmemoración do 150 Aniversario valleinclaniano cumpríuse un programa ambicioso, que contou co fundamental apoio da USC e moi especialmente da Vicerreioira de Internacionalización, e en segundo termo contou coa colaboración de diversos organismos e institucións, supoxo un esforzo por acercar a figura e obra de Valle-Inclán a cidadán a través dunha importante exposición e dun ciclo de conferencias; cumpriu, por outra parte, un cometido académico coa presenza de profesores/ relatores de diversas universidades europeas e españolas, realizou unha tarefa editorial de primer orden e proxectou a través dos medios unha labor da USC rigurosa e propiamente universitaria, que fai da nosa universidade un centro de referencia internacional no ámbito do valleinclanismo.

Ver **dossier adxunto dixital** (PDFs e links prensa; cartelería e publicidade).

### 3. Xustificación das modificacións sobre a planificación presentada

**-Non consta ningunha indicación ao respecto**

### 4. Planificación de actividades

Pasada a intensa conmemoración do 150 aniversario, a expectativa para 2017 é mais modesta, aínda que na estela do feito no 2016 hai compromisos editoriais pendentes. Volvemos, pois a estrutura habitual do funcionamento da CÁTEDRA VALLE-INCLÁN, que inclúe o Seminario Permanente e a Biblioteda da CÁTEDRA VALLE-INCLÁN e dúas importantes novidades e imos empezar por elas:

1. Un novo convenio cos Herdeiros Valle-Inclan Alsina, relacionado co depósito na USC da Biblioteca do escritor e o arquivo familiar. É este o último engarce dunha longa cadea de materiais documentais e autógrafos (Legado Manuscrito Valle-Inclán Alsina, depositado no 2009 (Ver memoria correspondente) que hoxe custodia a USC.  
Esta nova aportación, que require un espazo propio, que levará o nome de «Biblioteca Valle-Inclán» iniciouse cunha xestión da CÁTEDRA VALLE-INCLÁN, a instancias da Mercedes Alsina Gómez Ulla no 2011 e xa existe un borrador de Comodato, que quedou interrompido por razóns alleas a nosa vontade.  
Despois de longa espera, e cun novo intento fallido, Javier del Valle-inclán Alsina anunciou a vontade de depositar na USC tres cuartas partes da biblioteca e outros documentos impresos que forman parte do arquivo familiar.
2. Están dados os primeiros pasos: unha primeira cita coa directora da Biblioteca Xeral, M<sup>a</sup> Isabel Casal, e unha entrevista co Reitor da USC (2 de febreiro), á que non puido asistir a Vicerreitora de Internacionalización, para expoñerlle a proposta e estudar a súa viabilidade.
3. Unha visita a casa familiar de Pontevedra (10 de febreiro) con Isabel Casal e Adriana Abalo, integrante do GIVIUS, para ver *in situ* os materiais que serían trasladados a USC e valorar a súa catalogación, ubicación, etc.
4. O nomeamento de Javier del Valle-Inclán Alsina como interlocutor da USC-Cátedra Valle-Inclan en representación dos seus irmáns, Fernando e Miguel Valle-Inclán Alsina, que son os propietarios desas tres cuartas partes do legado do escritor.

Aínda que son moitas as tarefas que implica facerse cargo de este excepcional Legado, o proxecto completaría o fondo bibliográfico e documental existente na USC e reforzaría a universidade compostelana como referente indiscutible dos estudos valleinclanianos, co que supón de proxección internacional.

Este es un dos cometidos que este ano a CÁTEDRA VALLE-INCLÁN afronta como un reto que de momento non podemos cuantificar, aínda que o traslado se prevé en breve, o comodato está xa en proceso de revisión e un dos nosos primeiros obxectivos, unha vez esten os materiais ao noso dispor, sería dixitalizar todo o fondo documental o que implica un desenvolvo que de momento no podemos cuantificar.

### Seminario Permanente:

Neste 2017 temos só prevista a impartición dun seminario a cargo do prof. da Universidade de Bérgamo, Enrico Lodi, para tratar a problemática da traducción da obra de Valle-Inclán.

### PUBLICACIONES

A) **Biblioteca Valle-Inclán:** segue a ser a tarefa irrenunciábel das actividades da CÁTEDRA VALLE-INCLÁN, porque tamén é o seu buque insignia, cunha proxección que merece darlle continuidade e un prestixio crecente ganando libro a libro, cun deseño extremadamente coidado e contidos que aspiran ao máximo rigor.

1.- A publicación de *Con el alba. El Cuaderno de Francia*, manuscrito inédito de Valle-Inclán, en xuño de 2016, forma parte dun dos cometidos esenciais desta colección e o cumprimento do compromiso adquirido cando asinamos o Convenio de 2009 cos herdeiros Valle-Inclán Alsina.

A novidade é que a principios de decembro a edición, a súa primeira tirada (300 exemplares) esgotouse e aínda que estaban impresos 200 mais, por precaución esperouse a ver a marcha de vendas, porque a encadernación, artesana, é moi laboriosa e cara. O que non contabamos era coa lentitude desta segunda fase que, malia constante demanda do libro, non estivo listo ata o 13 de febreiro. Isto supuxo unha perda de oportunidade de venda, que esperamos recuperar agora, porque a demanda segue a ser moi significativa.

2.- Reimpresión do Catálogo de Exposición, *Valle-Inclán, xenio e figura (1866-1936)*. Neste momento según novas do Servizo de Publicacións quedan 8 exemplares a venda. A ventaxa deste catálogo, subvencionado pola Consellería de Cultura, é que non tivo custos para a CÁTEDRA e polo tanto a súa venda implica beneficios. Solicitamos un novo orzamento que resultou excesivo e como alternativa, ímolo publicar en ebook. Estamos pendentes do orzamento da imprenta USC. Este libro ten 412 pp. e 882 imaxes boa parte delas en cuatricomía, pero tamén é certo que as imaxes da sección "Valle-Inclán, obra ilustrada", non supuxeron custo algún, porque fixéronas Santos Zas e Francisca Martínez e preparáronas tamén para a súa montaxe e edición.

3. No prelo está o terceiro volumen da serie facsímiles, que neste caso é un dossier xenético de *La Media Noche* e *Un día de guerra*, conformado por tres vols.: Estudo xenético (I); e os outros dous son as súas respectivas edicións. Ademais dos vols. en soporte papel, a edición leva un DVD (lapela vol. I) cos manuscritos de traballo de Valle-Inclán, inéditos e a súa transcripción diplomática, leva galeradas (materiais do Legado Valle-Inclán Alsina) e facsímiles do proxecto editorial aparecido na prensa en 1917 encartados nas lapelas do vol. II. Os tres tomiños van nun estoxo deseñado todo por Signum Deseño. As autoras desta obra son Bénédicte Vauthier (Catedrática da U. de Berna) e Santos Zas. A obra, cun orzamento estimado de 8.750 euros, ten financiamento (solicitud aprobada en novembro de 2016) do Fondos National Suisse de Recherche Scientifique e unha subvención da Universidade de Berna.

4. Por último: está entregado para a súa revisión o manuscrito e próxima publicación: *Letras de estima. Catálogos dos libros adicados da Biblioteca de Valle-Inclán*, de Javier del Valle-Inclán Alsina, que está prevista a súa edición para finais deste ano nunha obra en soporte papel e dixital.

B) Dentro do proxecto editorial, ao marxen da CÁTEDRA, que me limito a enunciar, están os dous volumes de teatro das *Obras completas* de Valle-Inclán (Biblioteca Castro / Fundación José Antonio de Castro de Madrid) a cargo do GIVIUS, que está a ter unha acollida crítica excepcionalmente boa. Asemade sucede coas 5 edicións preparadas para Alianza Editorial, tamén cunha moi boa acollida.

c) *Anuario Valle-Inclán /ALEC* (Society of Spanish and Spanish American Studies), o volumen correspondente ao 2017 está integrado polas conferencias que impartiron os profesores que formaron parte do ciclo: “Valle-Inclán, xenio e figura”. Desta forma perpetuamos tamén a aportación dos nove participantes neste ciclo, artellado en torno a tres eixos: o libro e o deseño; as caricaturas, as proxección internacional de Valle. No momento en que se redacta esta memoria, están entregadas todas as contribucións adaptadas ao caso e está prevista a súa saída en setembro de 2017. Esta publicación non ten custos para a CÁTEDRA VALLE-INCLÁN.

Para rematar este informe, lembro unha vez mais, como parte dun ritual que se repite ano tras ano, a necesidade dunha sede digna e estable para a **CÁTEDRA VALLE-INCLÁN**, cuxa existencia todo o mundo, dado o volume de actividades que xera, dá por suposto. O ano pasado fíxose unha xestión tendente a conseguir un espazo na Centro de Estudos Avanzados, cunha ubicación perfecta para as actividades da Cátedra, pero cando parecía xa un feito, outro proxecto de maior calado desprazou aquela esperanzadora oportunidade. As xestións feitas neste sentido na Facultade de Filoloxía, malia a reiterada boa vontade da actual Decana, non obtiveron resultado, sendo o Campus Norte e a Facultade propiamente dita a sede natural da Cátedra, pois é onde está a Biblioteca e os fondos documentais cos que traballamos. É ademais o sitio idóneo e lóxico para a celebración do Seminario permanente e o lugar onde preparamos o *Anuario Valle-Inclán*, que está vinculado de forma explícita ao noso Grupo. A ausencia dun lugar propio, desde onde xestionar e canalizar as actividades da **Cátedra** segue a ser o despacho da profesora Santos Zas na Facultade de Filoloxía, e unha sala do Departamento de Literatura Española, que compartimos varios grupos de investigación (10 persoas). A falta de espazo, pois, na devandita Facultade e súa supeditación á futura ampliación da mesma, fai que a sede da **Cátedra** continúe a ser unha materia pendente.



## ANEXOS

### 5.1. Dossier de prensa

**VER ANEXO DIXITALIZADO: prensa e outra documentación**

En Santiago a 17 de febreiro de 2017



Asdo: Margarita Santos Zas  
Dir. CÁTEDRA VALLE-INCLÁN USC